As calexas de Xavier Carro
Anxo Tarrío Varela

Teño diante de min un libro de 1973 dedicado con letra e man do seu autor a una parella de pipiolos recén licenciados en Filosofía e Letras, na que se pode ler: “Pra Branca e mais Xelo, estos contos que os viron agromar. Ca lembranza das noites de Compostela. Apertas do voso amigo Xavier”. Reproduzo fielmente o manuscrito, mesmo con erros de castelanismo (**estos**) e de sintaxe (**que os**: parece que foron os contos quen viron agromar á parella, e non ao revés), froito, seguramente, das urxencias propias dunha sesión de firmas post-presentación levada a cabo na librería Follas Novas de Santiago. Unha presentación que debeu ser abortada pola policía social nun primeiro intento, segundo se deduce das palabras que o autor antepón á nova edicións (p. 14) que hoxe felizmente nos ocupa, pero non nun teimudo e segundo intento que imaxino e que mesmo foi comentado na prensa do momento con alarde de detalles, como reza o recorte de xornal (sen data) que figura no meu exemplar, pegado no envés da cuberta do vello libro, con foto do autor incluída: “En la librería “Follas Novas” tuvo lugar la presentación del libro de X. Carro **As calexas do cigurath**. El autor glosó brevemente la génesis de sus cuentos, explicando que la gran variedad temática de todo el libro obedecía a una afanosa búsqueda de técnicas narrativas. Asimismo, se detuvo especialmente en “Marcel Gross” y en “O segundo venres de Yulia Kefer”, narraciones que responden a una concepción de la literatura como **ludus**. Durante la presentación, leyó fragmentos de su libro. Finalizada la presentación, se entabló un animado coloquio entre el público que asistió a dicho acto”.

A dicir verdade, daquela, Xelo andaba por África, é de supoñer que coidando, CETME en ristre, dos gorentosos beneficios que aportaban ao Estado Español e ao seu triunfal, glorioso e invicto exército as riquísimas minas de fosfatos de Fos-Bucraa (¿escribirase así?) e non puidera estar na velada literaria, polo que debeu ser Branca quen asistiu e recolleu aínda quente aquel libro tan querido e a dedicatoria e sinatura do amigo e autor.

Efectivamente, Branca e Xelo viran agromar, medrar e nacer un mecanoscrito, ao que aportaron algo do seu galego acabadiño de aprender polos pelos nas aulas universitarias (¿e il como sería?), que despois se converteu nun interesante libro de relatos: **As calexas do cigurath** (Galaxia, col. Illa Nova), de Xavier Carro.

Como lembra o autor na introdución da segunda edición que viu a luz nestes días atrás, saíra este mangado de contos nun momento en que a

aparición dun libro en galego era algo realmente novidoso, cobizado, esperado con ansiedade e, inmediatamente de se producir, ocasión de lecturas ávidas e comentarios de café e de tertulias nos que se pasaba o produto pola criba dunha crítica viva, garimosa ou aceda, pero viva, para ben e para mal.

E sae esta segunda edición (Galaxia, 1996) facéndolle xustiza ao orixinal, tal e como fora concebido polo seu autor e, xa que logo, restituíndolle as dentadas que lle chantara a "Censura previa" do franquismo naquela primeira de 1973, que quedara embazada pola supresión dun magnífico conto titulado "O primeiro venres" ("por atentar contra la moral católica") e pola supresión de (por pornográficas e indecentes) liñas e párrafos que desvirtuaba a boa factura dalgúns relatos, aínda así moi entretidos e de grande actualidade, tanto para aquel momento coma para agora mesmo, cando volvemos a lelos sen ter a sensación de algo rancio ou serodio, cun **plus** engadido, iso si, de nostalxia para quen temos, moi a flor de pel aínda, vivencias dun decimonónico (ás veces medieval) Santiago e dun sistema de valores no que medramos e que engordiñamente se vai perdendo no balbordo barulleiro dunha sociedade ben diferente, non peor, seguramente, pero fría, disparatada, baleirada de matices e allea ao sentir do paso do tempo, un sentimento este ao que Xavier Carro é especialmente sensíbel en moitas das páxinas que, agora, renovadas e limpas de grallas e de atoutiños ortográficos, nos ofrece para o noso lecer.

O Correo Galego, 1996